

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Abril 2005

COMUNICADO

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo aumentou en abril de 2005 con respecto ó mesmo mes do ano anterior

En abril de 2005 o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu un 3,1% con respecto a abril de 2004

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo, que mide a evolución das vendas comerciais en termos correntes, creceu en abril de 2005 a unha taxa interanual do 3,1%, cifra que se corresponde cun 1,1% cando se corrixe de efecto calendario. No que vai de ano o índice xeral creceu un 6,8%, un 6,7% se se mide en termos de serie corrixida de calendario.

Por tipo de produto vendido e en termos correntes, observamos que presentan taxas de crecemento positivas o equipamento do fogar (1,5%) e os outros bens de consumo (11,7%) mentres que os produtos de alimentación (-2,3%) e os produtos de equipamento da persoa (-1,3%) presentan taxas de crecemento interanual negativas.

O índice de grandes superficies creceu en termos correntes un 2,8%

Atendendo ó tipo de actividade, o índice de comercio especializado creceu un 4,3% mentres que o do comercio non especializado medrou máis modestamente, un 0,3%, dentro deste último, o índice de grandes superficies creceu un 2,8%.


No que vai de ano o índice do comercio especializado creceu un 9,2% e o índice do non especializado un 0,9%. O índice de grandes superficies creceu un 4,8%.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Abril 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	122,0	3,1%	6,8%
Xeral (corrixido de calendario)	120,3	1,1%	6,7%
Por actividade			
Especializado	115,4	4,3%	9,2%
Non especializado	132,9	0,3%	0,9%
Grandes superficies	144,2	2,8%	4,8%

FONTE: IGE Índice de vendas de comercio polo miúdo

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es